

Con cores de amores

Xabier P. Docampo é unha voz xa recoñecida no ámbito da literatura infantil e a súa experiencia ao se dirixir ao público infantil é cada vez máis evidente como amosan a actitude e a dozura con que trata os sentimentos máis primarios dos seres humanos nesta obra súa que agora vén de tirar do prelo a editorial Galaxia.

De cores e de amores reflete dun xeito abstracto e simbólico os afectos que agroman entre as persoas valéndose de pingas de auga. Estas por si soas non significan nada, mais cando se unen movidas por unha forza imparabile chamada amor abrázanse fortemente e nacen as cores que irán dando forma ás diferentes cousas que forman parte do contorno e compoñen a nosa realidade máis próxima. Deste xeito a cor amarela e a cor vermella dan lugar ao sol, a cor azul ao ceo e cando todas as pingas foxen, e con elas todas as cores, chega a noite. Así vemos como o autor reduce a formación de todo o que nos rodea e todo o que coñecemos á unión feita con cariño e polo tanto ao amor, neste caso un amor que emerxe entre pingas de auga que non simbolizan senón as persoas, e quere promover o cariño como algo necesario para a mellora da vida entre os seres humanos empregando unha linguaxe estremada-

Apoloxía dos sentimentos



PAULA FERNÁNDEZ

mente sinxela para facilitar o entendemento de quen le.

É innegable a compoñente didáctica e o interese deste libriño para os contidos transversais da educación infantil. Así como tampouco se pode negar a importancia que ten promover sentimentos

desta sorte entre os meniños e meniñas pois unha infancia cunha forte presenza do amor polas persoas e polo contorno crea adultos máis serenos e equilibrados.

Esta apoloxía dos sentimentos conséguese dende o punto de vista literario e por paradoxal que pareza dende unha perspectiva simbólica onde as pingas son a orixe de todo o que nos rodea, algo por outra banda natural pois sen a auga é evidente que non existiría a vida, e dende o punto de vista plástico ou gráfico, e grazas ás ilustracións de Xosé Cobas, a historia plásmase dun xeito minimalista, xa que as ilustracións reducen a historia á máis mínima expresión, polo que dalgunha maneira resulta tamén canda menos sorprendente que de cousas tan pequeniñas e insignificantes poidan nacer sentimentos tan grandes e ás veces tan complexos.

Trátase entón dun volume cun texto axeitado para primeirismos lectores que poden ser acompañados na súa lectura dalgún adulto que lles axude a entender ese simbolismo ao tempo que colabora na adquisición e na mellora das súas habilidades lectoras.

*DOCAMPO, Xabier P. e
COBAS, Xosé, De cores e de
amores, Ed. Galaxia, Vigo, 2006,
28 páxinas*

